

INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIA Á INSTRUCCIÓN Nº 1, DO 15 DE XUÑO DE 2016, RELATIVA AO PROCEDIMENTO DE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO OU EXPLOTACIÓN E DOS GASTOS DE ANIMACIÓN DA EDLP POLOS GALP

CERRAMENTO E LIQUIDACIÓN DUNHA ANUALIDADE E SOLICITUDE DO ANTICIPO PARA SEGUINTE

De acordo coa cláusula décima quinta puntos 9 e 10 do convenio, relativa aos gastos de funcionamento e de animación dos GALP:

9. A axuda para os gastos de funcionamento ou explotación, así como os de animación dos GALP, segundo o establecido na artigo 35.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, non superará o 25% do gasto público total en que incorra no marco da EDLP:

Para atender os gastos de funcionamento, o GALP percibirá unha dotación económica que será como máximo dun 20% do orzamento asignado para a aplicación da estratexia.

10. A consellería do Mar aboará estes gastos ao GALP do seguinte xeito:

A principios de cada ano anticiparase un 50% de cada anualidade dos gastos de funcionamento, unha vez xustificadas os gastos de funcionamento da anualidade anterior.

O resto da anualidade librarase cando se xustifique o anticipo.

A principios de cada ano anticiparase o 50% de cada anualidade dos gastos de animación, unha vez xustificadas os gastos de animación da anualidade anterior.

O resto da anualidade librarase cando se xustifique o anticipo.

A derradeira xustificación anual presentarse antes do 15 de xaneiro do ano seguinte e comprenderá tódolos gastos efectivamente pagados no exercicio corrente xunto cos gastos que se devenguen no exercicio corrente pero que se abonan ao mes seguinte (retencións de IRPF, seguridade social, etc).

Os gastos serán xustificadas trimestralmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

A derradeira xustificación anual presentarse antes do 15 de xaneiro do ano seguinte e comprenderá tódolos gastos efectivamente pagados no exercicio corrente xunto cos gastos que se devenguen no exercicio corrente pero que se abonan ao mes seguinte (retencións de IRPF, seguridade social, etc).

Para o cerramento dos sucesivos exercicios do presente período de fondos, unha vez xustificadas e validadas todas as xustificacións de gasto presentados polo GALP, procederase da seguinte maneira:

1. Unha vez que o GALP reciba a última validación, o/a presidente/a asinará o informe final de certificación que se xunta como anexo, relativa aos seguintes extremos:



- O ingreso acumulado (funcionamento + animación) recibido polo GALP en concepto de anticipo no exercicio que se cerra.
 - O gasto validado acumulado (funcionamento + animación) no dito exercicio.
 - O gasto validado dasagregado por conceptos (funcionamento e animación de maneira independente) nesa anualidade.
 - A diferenza agregada (Todo o anticipado- todo o validado) que se devolve ao Tesouro da Comunidade Autónoma.
2. O saldo resultante da diferenza entre o anticipo recibido e o gasto agregado total validado será devolto ao Tesouro.
3. O GALP remitirá á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o informe final de certificación e a proba da devolución ao Tesouro correspondente á liquidación final do exercicio que se cerra.
4. Unha vez acreditada a liquidación e devolución ao Tesouro, O GALP remitirá á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a solicitude de anticipo para o exercicio seguinte.
4. A dirección xeral tramitará o pagamento do novo anticipo solicitado.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento pesqueiro



ANEXO

INFORME DE CERTIFICACIÓN FINAL, LIQUIDACIÓN DE GASTOS E DEVOLUCIÓN DE FONDOS

Gastos derivados da aplicación do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o GALP.....

....., en calidade de presidente/a do GALP , mediante este informe final, certifica que os fondos recibidos da Consellería do Mar, os gastos executados, xustificados e validados correspondentes ao exercicio, así como a devolución efectuada ao Tesouro se axustan ao detalle expresado na cadro de detalle seguinte:

EXERCICIO	GASTOS XUSTIFICADOS E VALIDADOS		
	Total Gastos Convenio	Funcionamento	Animación
1º trimestre*			
2º trimestre*			
3º trimestre*			
4º trimestre*			
Total (1)			

FONDOS ANTICIPADOS

	Data do ingreso	Importe
1º Anticipo recibido		
2º Anticipo recibido		
3º Anticipo recibido		
Total (2)		

Devolución ao Tesouro (2) - (1)	
Data de ingreso no Tesouro	

En....., de, de

(Sinatura)

(*) No caso de que nun trimestre se presentasen xustificacións parciais, reflectirase este feito engadindo o importe de cada unha delas e incluíndo para elo na táboa, as liñas que fosen necesarias

